Descrición do programa	Ti si que es un bopeixe!: programa posto en marcha coa Consellería do Mar que trata de facilitar o coñecemento e consumo de produtos frescos do mar de Galicia.		
Obxectivos	Transmitir ao alumnado a importancia do peixe e o marisco na dieta e fomentar o seu consumo.		
Cursos implicados	EI		
Temporalización	1º T	2º T	3º T
Indicador	Porcentaxe de alumnado que introduciu o peixe na súa dieta.		
Responsables	Equipo de Infantil		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Buscar, a través das ferramentas dixitais, distintos tipos de peixes. • Aprender a comportarse durante as comidas. • Animar ás familias para que lle expliquen aos seus fillos e fillas que peixe comen e nolo comenten na aula (o nome, se lles gusta, se prefiren outro...). • Recoñecer as características dos peixes (espiñas, escamas...). • Identificar polo nome cada peixe novo que coñecemos. • Aproveitar saídas ao contorno para visitar peixerías. 		

Plan Proxecta : “ Mestres Gandeiros “	
Descrición do programa	O programa está centrado en transmitir o coñecemento e as boas prácticas que a poboación rural está levando a cabo, como xestores da natureza e da paisaxe.

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Vincular á poboación local na educación, en colaboración co profesorado. - Fomentar a comprensión do alumnado do rol do agricultor e do gandeiro a través das boas practicas que estes están levando a cabo como xestores da infraestrutura verde napaisaxe. - Fomentar a innovación educativa e promover hábitos e destrezas no alumnado para desenvolver ideas creativas e innovadoras a través da reflexión crítica, do traballo colaborativo, do xogo, do contacto coa natureza e da comunicación coa poboación local que actúa como xestora do territorio. 		
Cursos implicados	2º Educación Primaria		
Temporalización	1º T	2º T	3º T
Indicador	Participación dos nenos/as Valoración da memoria final por parte dos responsables do programa.		
Responsables	Titores e mestres.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Visita á granxadunveciño do pobo. - Visita a unhatenda ecolóxica con produtos de proximidade. - Visita ao Centro de Formación e Experimentación Agraria Pedro Murias. - Coñocer o mercado de proximidade (Praza de Abastos) - Elaboración de queixo. - Incubación artificial de ovos de galiña. 		

37. OUTROS PANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Plan/Proxecto: Reparto de froita fresca, castañas e leite líquido	
Descrición do programa	Reparto de froita fresca, castañas e leite líquido
Obxectivos	Mellorar a dieta do alumnado introducindo produtos de tempada e leite.
Cursos implicados	Todos

Temporalización		2º T	3º T
Indicador	Porcentaxe do alumnado que degusta estes produtos		
Responsables	Profesorado e Equipo Directivo		
Actividades	Reparto de froita fresca e castañas Reparto de leite líquida		
RIBADEO INDIANO			
Descrición do programa	RIBADEO INDIANO		
Obxectivos	Coñecer a historia da emigración á América e a súa afectación á nosa vila		
Cursos implicados	4º Educación Primaria		
Temporalización			3º T
Indicador	Grao de participación do alumnado.		
Responsables	As titoras		
Actividades	Introducción e presentación do Proxecto. Documentación e traballo de investigación. Realización dun produto final, que será unha obra de teatro.		
A árbore das sorpresas			
Descrición do programa	Cada mes proponse unha actividade relacionada coa área e cultura galegas.		
Obxectivos	Fomentar o gusto pola lingua galega a través de actividades especiais.		
Cursos implicados	5º		
Temporalización	1º T	2º T	3º T
Indicador	Grao de satisfacción do alumnado ao rematar o curso.		
Responsables	Profesora de lingua galega.		
Actividades	Saídas medioambientais pola contorna (proxecto BASURALEZA). Saídas pola vila (Percorrido por rúas con nomes de muller, O tren mineiro). Actividades relacionadas coas festas tradicionais de Galicia. Manualidades relacionadas co proxecto. Realización de xabón.		

Plan/Proxecto: Plan de Fomento do Uso do Galego		
Descrición do programa	Dinámicas orientadas á promoción da lingua e cultura galegas.	
Obxectivos	Promoción do uso da lingua galega.	
Cursos implicados	EI, EP e ESO	
Temporalización	2º T	3º T
Indicador	Número de actividades realizadas	
Responsables	EDL	
Actividades	As especificadas no proxecto.	
Plan/Proxecto: Club de Lectura “O Faro das Letras”		
Descrición do programa	Lectura e reunión periódicas sobre distintas propostas literarias.	
Obxectivos	Ler, dialogar e aprender dos libros.	
Cursos implicados	6º de EP e ESO	
Temporalización	1º T	2º T 3º T
Indicador	Nº de títulos lidos ao longo do curso.	
Responsables	Profesoras implicadas no Club de Lectura.	
Actividades	Representacións teatrais relacionadas coas lecturas. Realización de visitas a algúns dos lugares e espazos presentes no argumento dos libros. Encontros literarios cos autores e ilustradores.	

38. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

- Establecemento de medidas dunha avaliación do funcionamento do centro: resultados académicos, práctica docente, relacións coa comunidade educativa.
- Medidas, recursos e temporalización para levala a cabo.
- Temporalización.

39. PLAN DE ORIENTACIÓN. CONCRECIÓN ANUAL

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO
3. OBXECTIVOS
4. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN . PLANIFICACIÓN XERAL. 4.1. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN 4.2. PLANIFICACIÓN XERAL. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN. 4.2.1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 4.2.2. ACCIÓN TITORIAL 4.2.3. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL
5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN
6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

1. INTRODUCCIÓN

A orientación educativa é un elemento esencial da calidade en todos os niveis do sistema educativo. Enténdese como unha actividade educativa, compartida e preventiva. Os principios polos que se rexe a nosa actuación son a planificación, cooperación, intervención social, formación, prevención e desenvolvemento integral da persoa, sendo un proceso que se desenvolve dun modo continuo, que inclúe a todas as idades e niveis educativos que se imparten no centro.

O Plan de Orientación é o documento de traballo que recolle as actuacións do departamento para o curso académico 2022/2023, concretando e apoiando o Plan Xeral de Atención á Diversidade, o Plan de Acción Titorial e a Orientación Académica – Profesional. Pretendemos que sexa un documento que á vez que nos serve de guía no noso facer diario, dea a coñecer á comunidade educativa os ámbitos de actuación nos que imos traballar, tendo en conta en calquera caso que se trata dunha programación flexible, podendo reconducirse en calquera momento do curso en función dos imprevistos ou de novas necesidades que vaian xurdindo.

O departamento de orientación posibilitará que a orientación forme parte esencial da actividade

educativa e que se estableza unha vía de asesoramento permanente ao alumnado, ao profesorado e ás familias mediante un plan de actuación común entre todo o equipo de profesionais do centro e diferentes servizos externos (Inspección educativa, equipo de orientación específico, servizos sociais, servizos de saúde, unidade de atención temperá, gabinetes,...).

No momento de deseñar o Plan intentamos contextualizar a nosa realidade todo o que foi posible, pretendendo deste xeito dar resposta ás necesidades que existen no contexto no que nos situamos, garantir o exercicio do dereito á orientación de todo o alumnado e a súa continuidade e coherencia ao longo das distintas etapas educativas.

O noso centro, como Centro Educativo Vicenciano, fomenta o coñecemento dos valores e contravalores desta sociedade; valores que favorecen a Paz, a responsabilidade, a tolerancia, a igualdade, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e resolución pacífica dos mesmos...

Como cada ano, faremos especial fincapé nun dos valores vicencianos. Este curso traballaremos “A PAZ”.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

❖ Características do centro

As súas características son as recollidas no Proxecto Educativo do Centro. O noso centro educativo conta con tres etapas educativas, EI-EP-ESO, con dobre liña por nivel.

❖ Composición do departamento de orientación

No presente curso escolar o Departamento de Orientación está composto por:

Profesora especialista en Audición e Linguaxe	SandraMuriasBorrajo
Profesora de Apoio en EI e EP	Marta Lousas Rubiños
Profesora de Apoio en EP	NahirMartínez Álvarez substituída por Noelia Barrera Ron
Profesora de Apoio en EP	Vanesa García López
Profesoras do ámbito científico e de apoio na ESO	Tamara EstúaSante
Orientadora (Xefatura departamento de orientación)	Lidia Lamas Carreira

❖ Reunións de coordinación

O contexto de actuación será o que se refire ao propio centro, fixándose as seguintes reunións:

- Reunión mensual de todo o departamento o segundo luns de mes en horario de 18:15 - 19:00. Estas reunións permitirán coordinar e dinamizar as accións do plan, organizar actividades e materiais, facer seguimento dos programas, establecer criterios organizativos...
- Reunión de coordinación co profesorado de EI, EP ou ESO, o terceiro luns de mes en horario de 17:15 – 18:00, segundo necesidades.
- A coordinación co profesorado titor de Secundaria, ao non existir ningún tipo de reunión

- Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando sobre as distintas posibilidades académicas e profesionais, tendo en conta as modificacións introducidas coa entrada en vigor da LOMLOE.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de innovación educativa no ámbito dos distintos protocolos para a intervención psicoeducativa co alumnado con NEAE.
- Promover a cooperación entre as familias e o centro, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e fillas para favorecer o seu desenvolvemento integral.

4. ACCIÓNS PRIORITARIAS E PLANIFICACIÓN XERAL

4.1. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

❖ **Relacionadas co centro e o propio departamento**

- Manter mecanismos e canles de colaboración para o desenvolvemento de actuacións e actividades dos distintos programas que se levan a cabo no centro.
- Asesorar no relativo ás medidas de atención á diversidade.
- Adquirir materiais de avaliación e de apoio.
- Dispor de tempos para a coordinación co profesorado titor, especialmente co que conta con alumnado con NEAE.
- Colaborar con outros servizos da comunidade que incidan na función orientadora do centro.

❖ **Relacionadas coa inclusión e a diversidade**

- Facilitar asesoramento ao equipo directivo e a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas de atención á diversidade.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade do noso alumnado, tendo en conta o seu potencial de aprendizaxe.
- Realizar avaliacións psicopedagóxicas cando sexan demandadas e necesarias.
- Elaborar ou actualizar os informes de aqueles alumnos/as nos que se detecten NEAE, realizando un seguimento do proceso educativo e das medidas de atención á diversidade adoptadas en colaboración co profesorado titor do grupo.
- Revisar os distintos documentos de seguimento das medidas de atención á diversidade.

❖ **Relacionadas coa acción titorial**

- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción titorial (PAT), asesorando á totalidade da comunidade educativa.
- Asesorar á comunidade educativa respecto da importancia de desenvolver programas de habilidades e competencias sociais para o alumnado, propiciando a adquisición das competencias

sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a solidariedade, o respecto, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos...

- Sensibilizar á comunidade educativa respecto á importancia de prestar atención ós aspectos relacionados co ámbito emocional do alumnado.

❖ **Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores**

- Levar a cabo as Xornadas de Sensibilización e distintas sesións de titoría sobre o valor a traballar este curso: “A PAZ”
- Participar na actualización de documentos destinados á promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Intervir directamente na resolución daquelas situacións condutuais que se produzan contrarias á convivencia no centro.
- Participar no desenvolvemento de actividades que favorezan a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.

❖ **Relacionadas co ordorienta, drdadi, axudas, plan de orientación, plan anual e coa memoria do departamento**

- Completar, en forma e prazo, a información que se solicita nas distintas aplicacións informáticas.
- Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso.
- Realizar a memoria final de curso en base ao desenvolvemento do plan anual, coas propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

❖ **Relacionadas coa orientación académica e profesional**

- Prestar especial atención aos momentos de transición académica, guiando e asesorando ó alumnado no cambio de etapa, nos distintos itinerarios formativos, materias optativas...
- Colaborar na difusión e utilización de distintas ferramentas en materia de orientación.
- Coordinar e dinamizar o desenvolvemento do POAP.

❖ **Relacionadas coas familias**

- Facilitar o coñecemento do Sistema Educativo e as opcións académicas e profesionais.
- Orientar ás familias individual e colectivamente para que asuman responsabilidades na educación dos seus fillos/as, e asesoralas na resolución de problemas que poidan xurdir.
- Implicar aos pais e nais en actividades de seguimento, reforzo e apoio educativo.

❖ **Actuacións respecto doutros organismos**

- Colaborar con distintos servizos do concello en tarefas relacionadas coa prevención e o desenvolvemento psicosocial do noso alumnado.

- Manter contacto e colaboración con Inspección Educativa, EOE e con outros departamentos de orientación da zona.
- Contactar con diferentes organismos: centros de ensino secundario e universitarios, servizos sociais do concello, servizo de menores da consellería de Familia, Cruz Vermella, UAT, profesionais externos, Garda Civil, Policía Nacional, Forzas Armadas, servizos médicos...

4.2. PLANIFICACIÓN XERAL E ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

No cumprimento das funcións que o Departamento de Orientación ten encomendadas na lexislación vixente, organizamos as accións do departamento de orientación en torno a tres ámbitos de actuación: atención á diversidade, acción titorial e orientación académica e profesional.

4.2.1. ÁMBITO DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para poder atender axeitadamente a nosa realidade educativa, adoptaremos as medidas organizativas, pedagóxicas e curriculares que mellor respondan ás necesidades do alumnado en cada momento tendo en conta os recursos humanos e materiais cos que contamos.

O departamento de Orientación colaborará no axuste da axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado, ven sexa a través da intervención directa ou ben facilitando recursos e estratexias que inflúen nos ámbitos que gardan relación cos procesos de ensinanza – aprendizaxe.

❖ Obxectivos

- Desenvolver as medidas de atención á diversidade necesarias para favorecer a consecución dos obxectivos educativos e a adquisición das competencias clave de todo o alumnado.
- Facilitar a coordinación entre os/as diferentes profesionais implicados/as na atención do ACNEAE: titores/as, profesorado, familias e servizos externos ao centro.
- Colaborar co profesorado para que o alumnado acade, dentro das súas posibilidades, o máximo grao de satisfacción persoal, social, emocional e escolar.
- Atender ao contexto real no que se desenvolve a vida do noso alumnado, as súas expectativas de cara ó futuro e favorecer aprendizaxes significativos e funcionais.
- Facilitar ao profesorado información, recursos e apoio técnico para atender ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Crear un clima de cooperación entre o centro e as familias, procurando unha participación activa que favoreza o desenvolvemento integral dos seus fillos e fillas, con especial incidencia nas do alumnado con NEAE.

❖ Concreción anual das medidas de atención á diversidade

No curso actual, contando cos recursos existentes no centro, a proposta de medidas de atención á diversidade seguindo a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, é a seguinte:

As medidas ordinarias de atención á diversidade que levaremos a cabo son:

- **Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.**

Distribúense os grupos dos diferentes cursos que cambian de ciclo ou etapa, de xeito heteroxéneo (de maneira que os grupos sexan o máis equilibrados posible) e para iso téñense en conta criterios como: número de alumnos/as con adaptación curricular, alumnado con medidas de atención á diversidade, optativas, alumnado exento da segunda lingua estranxeira, nenos e nenas... Así mesmo, na xestión da aula, terase en conta as características do alumnado.

- **Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación**

Adaptaranse os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación da área ou da materia que se imparta, ás circunstancias do alumnado.

Entre as medidas contempladas cabe destacar a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das mesmas, a concesión de tempo necesario...

Prestarase atención ás propostas que, en relación coa avaliación, figuran nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería. Neste sentido, o profesorado recibe información por parte do departamento de orientación sobre medidas concretas extraídas dos distintos protocolos.

- **Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e aprendizaxe por proxectos para favorecer a inclusión.**

Utilizaranse distintas estratexias de traballo colaborativo con grupos heteroxéneos e levarase a cabo a aprendizaxe por proxectos como alternativa metodolóxica para favorecer a inclusión de todo o alumnado.

- **Aplicación de medidas de reforzo educativo**

O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade elaborada polo profesorado que imparte a área ou materia en que o alumnado a necesita e con esta modificación na metodoloxía pode seguir o proceso ordinario de ensino - aprendizaxe. Aplicaranse as medidas de RE necesarias co ACNEAE segundo as necesidades detectadas ou aquelas que poidan xurdir ao longo do curso.

- **Plan de reforzo para alumnado que promociona de curso con materias sen superar.**

O alumnado de educación secundaria obrigatoria que pasou de curso con materias sen superar

seguirá un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

- **Plan específico personalizado para alumnado que permanece un ano mais no mesmo curso.**

Este plan ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumno ou da alumna, para tratar de superar as dificultades detectadas, por permanecer un ano máis no mesmo curso.

- **Aula de atención educativa e convivencia**

Dado que non contamos cunha aula específica nin con o profesorado necesario para organizala, a atención educativa ao alumnado que pola súa conduta inadecuada impida o normal desenvolvemento do traballo do grupo-clase estará baixo a responsabilidade do profesorado de garda (sempre que non teña outras obrigas), contando coa colaboración do departamento de orientación, e realizará as tarefas correspondentes á área ou materia que corresponda nese horario.

- **Exención da 2ª lingua estranxeira (Francés)**

Contamos con alumnado de primeiro e segundo curso da ESO que presenta dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, quedando exento de cursar a materia de Segunda Lingua Etranxeira. Recibirá reforzo educativo nas materias de Lingua Castelá/Galega e Matemáticas.

- **Programa de habilidades e competencias sociais**

Promoveremos, dende a convivencia diaria e nas sesións de tutoría previstas, as habilidades e competencias cognitivas e sociais necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e a interacción adecuada con elas, o respecto e a solidariedade, a tolerancia ante as discrepancias, a expresión das propias opinións e dos sentimentos, e todo aquilo que mellore as relacións e a convivencia.

As medidas extraordinarias de atención á diversidade que levaremos a cabo son:

- **Adaptacións curriculares**

Este curso están previstas tres ACS. Realizarase unha reunión coordinada pola xefatura de estudos na que se decidirá a conveniencia das adaptacións curriculares. A dirección remitirá a proposta ao servizo de Inspección para a súa autorización.

O alumnado con adaptación curricular recibirá apoio por parte do profesorado de apoio, con dispoñibilidade horaria, a especialista en AL no caso de EP e a Orientadora. Farase dentro ou fóra do grupo - clase, tendo prioridade a atención nas áreas ou materias lingüísticas e matemáticas.

- **Apoio da profesora especialista en Audición e Linguaxe**

Dende o Departamento de Orientación e contando coa colaboración conxunta da especialista de AL e

todo o profesorado que incide no proceso de ensino aprendizaxe do alumnado e en consenso co Equipo Directivo, decídense as pautas que determinarán o comezo, o desenvolvemento e o remate da intervención a realizar, partindo en todo momento da detección, recollida e valoración da información, toma de decisións sobre a resposta educativa, implementación do programa a levar a cabo, seguimento e avaliación.

A avaliación, a prevención e o tratamento dos trastornos da comunicación, da linguaxe e da fala son o ámbito de atención da especialista en AL. A súa programación contempla as liñas de actuación fundamentais, os contidos a traballar, os criterios de avaliación e metodolóxicos máis salientables, así como as propostas de mellora fundamentais para acadar unha maior calidade do proceso de ensino-aprendizaxe.

A concreción da programación da especialista en AL para este curso é a seguinte:

O **obxectivo xeral** é dar resposta educativa ao alumnado que necesita axuda no ámbito da audición e da linguaxe, favorecendo a adquisición de habilidades de comunicación lingüística que lle permitan desenvolverse con autonomía na vida cotiá.

Os principais **obxectivos específicos** son:

1. Previr e dar resposta coa máxima rapidez e na medida do posible, ás dificultades relacionadas coa audición e a linguaxe.
2. Desenvolver os valores, habilidades e coñecementos ao máximo en todo o alumnado, sempre baixo un clima de inclusión respecto e compromiso.
3. Establecer canles de colaboración cos mestres e/ou titores que interveñen co alumnado con NEAE, no que respecta ao intercambio de información, adecuación dos recursos a empregar dentro da aula, asesoramento para a detección de dificultades vencelladas á audición e á linguaxe e de pautas de actuación.
4. Adecuar as actividades e contidos ás necesidades educativas, grao de madurez e capacidades do alumnado de cara a acadar os obxectivos do curso ou ACS e un grao óptimo das competencias clave relacionadas coa audición e a linguaxe.
5. Axeitar a resposta educativa ao alumnado con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo), para mellorar o seu coñecemento social e potenciar as súas habilidades comunicativas.
6. Colaborar no deseño, desenvolvemento e avaliación do Plan de Orientación e o Plan de Atención a Diversidade.
7. Contribuír a inclusión no grupo e no centro do alumnado con NEAE.

As **liñas xerais de actuación** respectan o protocolo de actuación previsto no Plan de Atención á Diversidade:

- A planificación partirá dunha análise conxunta das necesidades e das solicitudes de atención do profesorado que quedaran reflectidas na memoria do curso anterior, tendo presente as necesidades detectadas no novo alumnado. A prevención de dificultades e ofrecer a resposta educativa máis pronta posible (detección, valoración, toma de decisións sobre os aspectos a traballar, a súa temporalización e localización –dentro ou fóra da aula-, mailos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe no caso dos cursos pares.
- Interviremos cando se prevea que a resposta educativa ordinaria non é suficiente para satisfacer as necesidades educativas do alumnado.
- Colaborar co Departamento de Orientación no intercambio de información, na toma de decisións, no enfoque educativo a seguir e en cantos aspectos se consideren de interese.
- Partir dunha avaliación inicial na que se contemplan aspectos positivos (o que o alumnado sabe e lle resulte de interese), e dificultades de aprendizaxe.
- Realizar unha avaliación continua e formativa, informando ó mestre titor ou de aula da súa evolución.
- Traballar as intelixencias múltiples, principalmente a lingüística, cinestésica e espacial.
- Reforzar as competencias clave de comunicación lingüística, dixital e aprender a aprender.
- Seguir unha aprendizaxe significativa e funcional.
- Colaborar e coordinarse co profesorado titor e de aula en aspectos como: intercambio de información, medidas de prevención e detección de dificultades ou problemas de aprendizaxe, toma de decisións sobre os obxectivos a conseguir, os contidos a traballar, os recursos materiais necesarios e a promoción.
- Manter unha coherencia coas liñas establecidas no plan de orientación, no PE, na Proposta Pedagóxica e na PXA.
- Adecuar o tipo de actividades, a súa duración, a metodoloxía e os recursos materiais ás necesidades, idade cronolóxica e mental, intereses e potencialidades do alumnado.
- **Reforzo por parte do profesorado de apoio ou con dispoñibilidade horaria**
Este apoio realizarase tanto dentro como fóra da aula ordinaria, dependendo das necesidades educativas de cada alumno/a.

Todas as medidas citadas anteriormente non deixan de ser unha proposta de actuacións para o presente curso 2022/2023, isto non significa que ó longo do curso non se poidan adoptar as medidas de atención

á diversidade que se consideren precisas e que non aparecen plasmadas na proposta que presentamos ó comezo do curso.

❖ Actuacións

- Concreción do plan de atención á diversidade para o presente curso.
- Revisión da documentación que presenta o alumnado de nova incorporación ao centro, a fin de detectar posibles necesidades.
- Colaboración coa xefatura de estudos e especialista en AL na planificación e organización dos apoios para o ACNEAE.
- Tramitación e envío das becas do MECD para o alumnado con NEAE.
- Tramitación da documentación e elaboración de informes para participar nos premios ao esforzo e a superación persoal do alumnado de 4º ESO do curso pasado.
- Solicitud das axudas para o centro para a atención ao ACNEAE e elaboración da memoria ao rematar o curso escolar.
- Asistencia as sesións de avaliación: inicial, trimestral e final.
- Participación na avaliación inicial do alumnado, informando daqueles aspectos máis relevantes dende o punto de vista educativo.
- Entrega en tempo e forma do Drdadi.
- Participación nas reunións dos distintos equipos de traballo do centro e na CCP.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas que sexan precisas.
- Revisión e actualización dos informes do alumnado cando se considere necesario, para axustar as medidas educativas a cada alumno/a, partindo sempre do seu potencial de aprendizaxe e solicitando, sempre que se considere oportuno, a intervención do EOE.
- Asesoramento á comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Colaboración e asesoramento na elaboración ou revisión, desenvolvemento, avaliación e tramitación das adaptacións curriculares e demais medidas de atención á diversidade que se leven a cabo.
- Tramitación da documentación para o alumnado exento da segunda lingua estranxeira Francés.
- Análise, nas reunións do departamento, da evolución do alumnado que recibe medidas de atención á diversidade así como dos datos recollidos nas diferentes sesións de avaliación, colaborando na toma de decisións sobre as medidas educativas máis axeitadas para a súa mellora.
- Participación na acollida do alumnado de nova incorporación ao centro, facilitando a súa integración, recepción e información ás súas familias..., especialmente cando se trata de alumnado

procedente do estranxeiro.

- Cooperación na acollida do profesorado de novo ingreso no centro e informándoo sobre o alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.
- Realización do seguimento das medidas de atención á diversidade co profesorado implicado, proporcionando asesoramento e colaboración para facilitar unha resposta educativa ás necesidades do alumnado.
- Participación, cando sexa necesario, con axentes externos que interveñen co noso alumnado no desenvolvemento de distintas actuacións.
- Elaboración de programas específicos de intervención e os materiais necesarios para levarlos a cabo.
- Orientación ás familias, proporcionando información, asesoramento e favorecendo a súa implicación na educación dos seus fillos e fillas.
- Entrega de información as familias sobre as medidas de atención á diversidade a levar a cabo cos seus fillos e fillas.
- Apoio ás familias coas solicitudes de axudas para o ACNEAE.
- Realización da avaliación, a finais de curso, das medidas de atención á diversidade levadas a cabo no centro para a incluír as conclusións na memoria do departamento.
- Colaboración na proposta de alumnado para as posibles medidas de atención á diversidade do vindeiro curso.
- Intercambio de información co profesorado titor de 6º de EP sobre as necesidades educativas do alumnado que vai a incorporarse á ESO e así propoñer as posibles medidas de atención á diversidade.
- Asesoramento e colaboración na elaboración do consello orientador na avaliación final.
- Colaboración na elaboración do consello orientador para o alumnado que sexa proposto para incorporarse a un ciclo básico de FP.
- Envío a becas da documentación solicitada a finais de curso.
- Análise, co equipo de orientación, do ámbito de atención á diversidade para incluílo na memoria do departamento.

4.2.2. ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial é a actividade pedagóxica que leva a cabo todo o equipo docente dun mesmo grupo coa intención de que o proceso educativo se axuste ó máximo ás características e necesidades de todo o alumnado. Seguindo as directrices do carácter propio do noso centro, propoñémonos como obxectivo fundamental a educación integral de todo o alumnado, deseñando e realizando accións para

favorecer a aprendizaxe, a integración de coñecementos e experiencias, o desenvolvemento das competencias clave, a socialización, a toma de decisións, a adquisición de valores e o desenvolvemento da súa personalidade.

O PAT pretende ser un documento guía das sesións de titoría e das intervencións de cada titor/a co seu alumnado. Por outra banda, é un documento flexible e aberto que nos permite realizar cambios e modificación en función das observacións do profesorado, da posibilidade de que xurda outra formación de interese e haxa que priorizar unhas actividades sobre outras.

A etapa de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), conta cunha sesión lectiva semanal cunha programación específica para cada nivel, mentres que en EI e EP non existe un tempo lectivo concreto, non obstante, hai ámbitos e celebracións que se realizan a nivel centro: conmemoracións que veñen determinadas no calendario escolar, educación en valores, acollida, integración e convivencia, xornadas de sensibilización, traballo cooperativo, temas transversais, hábitos e estilos de vida saudables, campañas solidarias, as propias do carácter vicenciano e que teñen en conta os tempos litúrxicos. Ademais participase, ó longo do curso, en actividades propostas por outras institucións ou organismos sobre temas que se adaptan ás necesidades dos distintos grupos e idades.

❖ **Obxectivos**

- Contribuír ó carácter integral da educación favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa: cognitivos, afectivos e sociais.
- Favorecer a integración de todo o alumnado no centro, especialmente do que se incorpora por primeira vez, dos que presentan necesidades específicas de apoio educativo ou maior vulnerabilidade persoal, social e emocional.
- Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na aceptación das diferenzas, na valoración mutua e no respecto.
- Potenciar as habilidades sociais, comunicativas e de resolución pacífica de conflitos.
- Promover a participación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas e no centro.

❖ **Concreción dos ámbitos a tratar no PAT**

▪ **Acollida, integración e convivencia**

A integración escolar favorece en boa medida a integración social, aspecto que non sempre resulta doado para todos os alumnos e alumnas, polo que consideramos prioritario o proceso de acollida, integración e convivencia. Realízanse as xornadas de sensibilización os primeiros días do curso en todas as etapas educativas para favorecer este ámbito.

- **Valor do curso para os centros vicencianos: “A PAZ”.**

desenvolvemento dunha competencia individual, social e emocional axeitada, realizando actividades e titorías ao longo dos tres trimestres.

▪ **Técnicas de traballo intelectual**

O obxectivo principal é potenciar a capacidade de aprender a aprender e a construción activa das aprendizaxes mediante o fomento dunha actitude responsable ante o estudo, desenvolvendo estratexias de adquisición, asimilación e recuperación de información e aplicándoas aos distintos ámbitos do coñecemento. Dende cada área ou materia potenciase a utilización das técnicas de estudo, ao tempo que dende a titoría realízanse distintas sesións ao longo do 1º e 2º trimestre para incidir neste ámbito.

▪ **Dinámicas de traballo cooperativo**

O traballo cooperativo favorece a integración do alumnado, potencia algunhas competencias comunicativas (expresar, argumentar e interpretar pensamentos, sentimentos e feitos); serve para escoitar ideas alleas, aceptar e realizar críticas construtivas, colocarse no lugar do outro de forma empática, respectar opinións distintas ás propias con sensibilidade e espírito crítico, practicar o diálogo e a negociación para resolver conflitos, traballar en equipo para resolver xuntos problemas comúns.

❖ **Actuacións**

- Participación nas actividades iniciais de acollida do alumnado, profesorado e familias.
- Elaboración do PAT, concretando previamente co profesorado titor no comezo do curso os puntos esenciais do mesmo.
- Colaboración nas actividades de titoría, proporcionando asesoramento e materiais diversos.
- Recollida de información sobre antecedentes escolares, persoais, familiares, e sociais significativos do alumnado procedente doutros centros.
- Entrega de información ó profesorado titor sobre o alumnado con NEAE.
- Participación co Equipo Directivo na organización e desenvolvemento de actividades relacionadas coas titorías.
- Apoio á acción titorial coa intervención directa co alumnado e coas familias cando así sexa solicitado ou planificado.
- Deseño e establecemento de accións tendentes á integración do alumnado no grupo clase e no centro.
- Realización do seguimento do alumnado con medidas de atención á diversidade en coordinación co profesorado titor.
- Reunións co profesorado titor para planificar, coordinar e avaliar as actuacións realizadas.

- Seguimento, xunto co profesorado titor, do funcionamento do grupo-clase e das actividades a realizar na titoría, reaxustando a intervención ante as necesidades que vaian xurdindo.
- Contribución ao desenvolvemento do alumnado a nivel social, cognitivo e afectivo.
- Control e seguimento dos posibles casos de absentismo, condutas inadecuadas e / ou outras problemáticas.
- Atención e asesoramento ao alumnado, profesorado e familias.
- Recompilación e difusión de materiais para traballar nas titorías.
- Fomento da tolerancia e das normas de convivencia no alumnado coa finalidade de formar persoas responsables, participativas e autónomas.
- Fomento da inclusión do alumnado con NEE.
- Orientación e axuda ao alumnado en relación o seu rendemento, organización e planificación, hábitos de estudo, TTI, resolución de conflitos, problemas persoais,...
- Colaboración co profesorado titor nas titorías coas familias que se demanden.
- Establecemento de mecanismos de colaboración centro - familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e fillas, especialmente no caso do alumnado que presente dificultades educativas ou de índole persoal..
- Mantemento de contactos con outras institucións e organismos externos que poidan colaborar no desenvolvementos das titorías.
- Análise do desenvolvemento do PAT para incluír na memoria do departamento.

4.2.3. ÁMBITO DA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

A educación debe favorecer o desenvolvemento persoal e a inserción social do alumnado, é dicir, debe preparalo para integrarse con éxito na sociedade. Os alumnos e alumnas teñen que tomar decisións de carácter vocacional que van a afectar de xeito importante o seu futuro profesional. Ao rematar as diversas ensinanzas o sistema educativo ofrécelles distintos itinerarios que dan resposta aos seus intereses e expectativas, por iso é importante que reciban unha orientación académica e profesional.

O proceso de toma de decisións será realizado polo propio alumnado (auto - orientación) nunca por outros membros da comunidade educativa que si teñen a responsabilidade de ofrecerlle a orientación e información que precisen para levalo a cabo.

Esta orientación irá encamiñada fundamentalmente a que o alumnado aprenda a decidir de maneira realista partindo de tres aspectos esenciais:

- Coñecemento dos seus propios intereses, capacidades e recursos (fase de autoconecemento).
- Coñecemento das distintas opcións educativas e laborais e das vías que se abren ou pechan con cada opción (fase informativa).

- Aplicación de estratexias e habilidades para a toma de decisións (fase da toma de decisións).

Axudaremos ao alumnado ao longo da etapa da ESO a analizar e valorar as súas preferencias académicas e profesionais para que poidan formular libre e responsablemente a súa decisión persoal, eliminando os posibles estereotipos por razón de xénero.

❖ **Obxectivos**

- Proporcionar ao alumnado o coñecemento das posibilidades que lle ofrece o sistema educativo ao rematar o ensino obrigatorio, con título ou sen el.
- Propiciar no alumnado a auto - orientación, facilitando a reflexión e analizando de forma crítica a súa situación persoal, valorando as vantaxes e inconvenientes de cada unha das alternativas.
- Colaborar co profesorado titor e profesorado en xeral no desenvolvemento do POAP, aportando estratexias e recursos.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias implicándoas no proceso de toma de decisións no ámbito da orientación académica e profesional dos seus fillos e fillas.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

❖ **Actuacións**

- Elaboración e difusión de información relevante no eido da orientación académica - profesional.
- Colaboración co Equipo Directivo e profesorado titor na organización e planificación de actividades relacionadas coa orientación académica e profesional.
- Colaboración co profesorado titor do ACNEAE para facilitar o itinerario académico e profesional máis axustado as súas capacidades e intereses.
- Coordinación con outras institucións e centros educativos para o desenvolvemento de obradoiros, charlas, actividades e visitas.
- Realización de charlas informativas ao alumnado de ESO: Sistema Educativo, opcións ao rematar as distintas etapas, optativas... e ao alumnado de 6º de EP sobre a transición á ESO.
- Mantemento de contactos con profesionais que traballan en distintos ámbitos que poidan colaborar no desenvolvementos do POAP.
- Asesoramento individualizado a todo o alumnado que o solicite.
- Entrevistas individuais con todo o alumnado de 4º de ESO e co alumnado proposto para a incorporación a un grao básico de FP.
- Fomento do uso de recursos TIC para facilitar o autocoñecemento e a toma de decisións (programa Orienta, cuestionarios, vídeos, escalas de autoavaliación...)

- Cooperación co profesorado titor na elaboración dos consellos orientadores.
- Rexistro na aplicación correspondente das solicitudes para o alumnado proposto para a incorporación a un grao básico de Formación Profesional.
- Asesoramento de xeito individualizado a todas as familias que o soliciten e realización de charlas informativas grupais.
- Análise do desenvolvemento do POAP para incluír na memoria do departamento.

As actividades específicas por curso na sesión semanal de titoría e distribuídas ao longo do curso nos distintos trimestres, serán as seguintes:

6º EP

Programa de orientación académica: “Coñecemos a etapa educativa da ESO”, que se realizará durante o terceiro trimestre do curso, en sesións previamente programadas.

1º ESO

Autocoñecemento (afeccións, aptitudes, rendemento académico), coñecemento da etapa educativa da ESO, desenvolvemento das capacidades socioemocionais e coñecemento dalgunhas profesións.

2º ESO

Autocoñecemento (fortalezas e debilidades, afeccións, aptitudes, rendemento académico e intereses profesionais), coñecemento da estrutura do sistema educativo, coñecemento das profesións (profesiogramas ou análise de campos profesionais), desenvolvemento de capacidades socioemocionais e toma de decisións (elección de materia para 3º ESO).

3º ESO

Autocoñecemento (puntos fortes e débiles, motivación, personalidade, aptitudes, intereses profesionais, historial académico), coñecemento do sistema educativo (opcións para 4º ESO, opcións co título da ESO e sen el), profesións e toma de decisións (elección materias 4º ESO).

4º ESO

Autocoñecemento (intereses profesionais, aptitudes, personalidade, valores, rendemento académico), coñecemento da estrutura do sistema educativo (criterios de titulación, opcións académicas co título da ESO e sen el, bolsas e axudas, prazos de matrícula...), coñecemento do mundo laboral (curriculumvitae, profesións...) e toma de decisións (proceso de toma a decisións e escoller itinerario).

Empregaremos unha metodoloxía activa e participativa. As técnicas a usar serán: elaboración e difusión de materiais informativos, charlas informativas, visitas a centros, asesoramento individualizado, coordinación con distintas institucións para o desenvolvemento de actividades e sesións informativas, cuestionarios...

5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Os instrumentos para a recollida de datos serán: enquisas, entrevistas, rexistros, análise de documentos e intercambios orais.

Os criterios para levar a cabo a avaliación serán:

- Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos.
- Grao de implicación e participación do equipo de profesionais que colaboran nel.
- Efectividade das medidas adoptadas e da temporalización.
- Actividades realizadas do PAT, POAP e PAD.
- Recursos dos que se dispuxo.
- Nivel de adecuación dos recursos humanos segundo as necesidades presentes.
- Cursos de formación e innovación educativa realizados.

O proceso de avaliación rematará coa elaboración da memoria do departamento e as conclusións e propostas de mellora para o vindeiro curso. Será entregada ao Equipo Directivo para a súa inclusión na memoria final do centro.